



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Regulamento de organización e funcionamento do rexistro voluntario de licitadores do Concello de Baiona.

O Pleno do Concello de Baiona de data 2/11/2006 aprobou inicialmente o Regulamento de organización e funcionamento do rexistro voluntario de licitadores do Concello de Baiona. Logo de que o regulamente se expuxera ó público durante trinta días e non habendo reclamación ningunha o acordo de aprobación resulta definitivo consonte o disposto no artigo 49.c) da Lei 7/85, procedéndose a súa publicación para súa entrada en vigor.

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO VOLUNTARIO DE LICITADORES DO CONCELLO DE BAIONA.

É interese deste concello axiliza-los trámites vinculados á acreditación da capacidade dos contratistas. Tanto o R.D.L. 2/2000 de 16 de xuño aprobando Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRCAP) como o R.D. 1098/01, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da LCAP (RC) recollen a obriga dos licitadores que pretendan contratar coa Administración de acredita-la sua capacidade e solvencia; nembargantes, é oportuno coordinar este deber coa posibilidade de axiliar ao máximo os trámites que iso implica, toda vez que son moitas as empresas que se presentan con asiduidade ás licitacións convocadas polo Concello.

Este é o sentido que se atribue ao regulamento de licitadores, que se emprega como fórmula que, garantindo a seguridade do procedemento contractual na materia que regula, facilite a concorrancia e axilice a sua tramitación, todo isto dentro do marco legal das anteriores disposicións.

ARTIGO 1

1.- Rexistro de licitadores ten como finalidade facilita-la concorrancia e axiliza-la tramitación dos procedementos administrativos de contratación do Concello de Baiona.

2.- Rexistro de licitadores intégrase orgánicamente no departamento de Contratación.

ARTIGO 2

O rexistro de licitadores asume as seguintes funcións:

- a) A inscrición no mesmo daquelas persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española que o soliciten e nas que concorran as circunstancias establecidas ao obxecto nestas normas.
- b) A garda ou custodia de documentacion entregada polos licitadores que sexan inscritos no rexistro.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- c) A actualización dos datos rexistráis.
- d) Expedición de certificacións sobre os datos e documentos contidos no rexistro a instancia dos licitadores para a súa participación nos procedementos de contratación que corresponda.
- e) Informar a solicitude de parte ou de oficio aos órganos de contratación municipais e aos servizos administrativos e aos particulares que posúan un interese lexítimo e directo, dos datos que obren no rexistro, en relación con procedementos concretos.

ARTIGO 3

O rexistro de licitadores extenderá a súa eficacia a tódalas licitacións referidas aos contratos administrativos que celebren os órganos do Concello de Baiona e o seu organismo autónomo.

ARTIGO 4

1.- Os licitadores que pretendan contratar co Concello de Baiona ou o seu organismo autónomo quedarán dispensados de presentar nos procedementos contractuais a documentación que fose inscrita no rexistro e depositada no mesmo, sempre e cando se atope debidamente actualizada.

2.- Os certificados de encontrarse ó día das obrigas tributarias das facendas local, estatal e autonómica terán unha vixencia de seis meses desde a data da súa expedición; por todo isto, os contratistas inscritos deberán renovarlos ó vencemento do prazo. De non facelo, o rexistro non acreditará tales puntos. Respecto o certificado acreditativo des estar ó corrente na obrigas coa Seguridade Social, dada a súa vixencia mensual, presentarse xuntamente con cada proposta de licitación.

3.- Os licitadores inscritos no rexistro unicamente deberán achegar ás proposicións respecto daquela documentación que obre correctamente depositada no mesmo, certificación expedida pola secretaría xeral que surtirá plenos efectos diante das mesas de contratación.

ARTIGO 5

1.- A solicitude de inscrición no rexistro poderá formularse por todas aquelas persoas naturais e xurídicas españolas que pretendan contratar co concello de Baiona e o seu organismo autónomo.

2.- A inscrición no rexistro é voluntaria, sen que, polo tanto, constitua un requisito necesario para poder participar nun procedemento contractual.

ARTIGO 6



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Procedemento da inscrición.

1.- As solicitudes de inscrición no rexistro tramitaranse perante o Alcalde e presentaranse en modelo normalizado, que figura como anexo I, xunto coa seguinte documentación:

- a) Fotocopia do NIF ou CIF compulsadas.
- b) Escritura de constitución ou modificación da empresa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou no rexistro que corresponda, de non ser sociedade mercantil.
- c) Para os empresarios individuais copia compulsada do documento nacional de identidade ou o que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.
- d) Poder declarado bastante pola secretaría xeral do Concello, así como copia compulsada do DNI ou documento que regulamentariamente o substitúa, do apoderado ou apoderados.
- e) Declaración responsable outorgada ante autoridade administrativa ou notario público de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- f) Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do Imposto de Actividades Económicas.
- g) Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal e autonómica nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- h) Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- i) De se-lo caso, certificado de clasificación do contratista expedido polo órgano competente.
- k) Certificación acreditativa de non ter débedas coa facendal local.

2.- Os documentos aos que se refire este artigo poderán ser orixinais ou copias destes que teñan carácter de auténticas, conforme á normativa vixente.

ARTIGO 7

A inscrición da empresa ou do empresario no rexistro de licitadores, unha vez formulada a solicitude e achegada a documentación correspondente, acordarase polo Alcalde, resolución que deberá ser notificada ao interesado, sen prexuízo da posterior actualización dos datos rexistrais.

ARTIGO 8

1.- O concello poderá requerir, cando o considere oportuno aos licitadores inscritos ou pendentes de inscrición os efectos de comprobación dos datos aportados e da súa vixencia.



EXCMO. CONCELO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

2.- Os contratistas inscritos estarán obrigados a poñer inmediatamente en coñecemento do rexistro calquera alteración que se produza respecto dos documentos e datos rexistrados, e en particular:

- a) Toda alteración de carácter substancial, especialmente as que se refiren ó obxecto social ou á personalidade xurídica do empresario e que afecte ó réxime da contratación.
- b) As modificacións que afecten á representación conferida ou á personalidade do contratista.
- c) A inclusión en calquera das causas de prohibición para contratar coa Administración establecidas pola lexislación vixente.
- d) As modificacións que se produzan en relación coa clasificación da empresa.

3.- Independentemente do anterior, estarán obrigados a formular anualmente, declaración expresa responsable, relativa á vixencia sen contradicción, das circunstancias referidas. O incumprimento desta obriga, logo de apercibimento que para tal efecto lle dirixa o rexistro, suporá a suspensión provisional dos efectos da inscrición ata a súa reparación, e por un prazo máximo de 6 meses; transcorrido este sen recibila referida declaración, procederase á anulación definitiva da inscrición rexistral.

ARTIGO 9

O Alcalde previa formación de expediente con audiencia do interesado poderá dispor a suspensión temporal ou a anulación definitiva da inscrición do contratista, do que obren datos ou documentos rexistrais incurso en falsidade, inexactitudes relevantes ou que non realizaran as comunicacións preceptivas establecidas no presente regulamento a efectos de actualización da inscrición, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar e das que puidera derivarse o deber de indemnizar á administración dos danos e perxuízos causados por tal motivo.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.

MODELO DE INSTANCIA

D, con D.N.I., núm.,
veciño de e con domicilio en
....., teléfono

EXPÓN



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Que a empresa, con domicilio en do concello de e con C.I.F., nºteléfono..... e fax.....aporta a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do NIF ou CIF compulsadas.
- b) Escritura de constitución ou modificación da empresa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou no rexistro que corresponda, de non ser sociedade mercantil.
- c) Para os empresarios individuais copia compulsada do documento nacional de identidade ou o que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.
- d) Poder declarado bastante pola secretaría xeral do Concello, así como copia compulsada do DNI ou documento que regulamentariamente o substitúa, do apoderado ou apoderados.
- e) Declaración responsable outorgada ante autoridade administrativa ou notario público de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- f) Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do Imposto de Actividades Económicas.
- g) Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal e autonómica nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- h) Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- i) De se-lo caso, certificado de clasificación do contratista expedido polo órgano competente.
- j) Certificación acreditativa de non ter débedas coa facenda local.

Polo que SOLICITA: A súa inscrición no Rexistro de Licitadores do Concello de Baiona.

Baiona, de de 200.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA”

Contra este acordo poderase interpor recurso de reposición (artigo 116 Lei 30/92) perante o pleno durante o prazo dun mes contado a partir da data de publicación do regulamento no BOP ou recurso contencioso administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Vigo (Lei 29/1998, do 13 de xullo).